



# SUSANA SEIVANE

**enavies  
producciones**

O Pombo, 14 C - Pravio  
E-15668 Cambre (A Coruña)  
España

[info@susanaseivane.com](mailto:info@susanaseivane.com)

T. (+34) 981 675 309

M. (+34) 660 403 305

[www.susanaseivane.com](http://www.susanaseivane.com)


# susana seivane



Naceu en Barcelona no ano 1976 no seo da familia Seivane, un dos apelidos con máis prestixio e sona dentro do mundo dos gaiteiros e artesáns de gaitas de Galiza. Comezou a súa andaina musical ó cumprir tres anos de idade da man do seu pai, Álvaro Seivane. Aos 9, trasládase, xunto ca súa familia, a Cambre (A Coruña). Xa en Galiza, entra en contacto con mestres gaiteiros da talla de Ricardo Portela ou Moxenas que, xunto co seu propio avó, Xosé Manuel Seivane, influenciarían grandemente o seu xeito de entender e interpretar a música tradicional galega. Non tardou moito en gañarse a admiración e respecto do mundo da gaita en Galiza, comezando aos 10 anos a dar concertos por tódolos recunchos do país.

Durante a súa adolescencia, Susana cursou estudos de solfexo e piano e formou parte de diferentes agrupacións musicais tradicionais. Aos 20 anos toma contacto cos escenarios da man do grupo Milladoiro como artista invitada.

A partir deste momento comeza a súa andaina como solista creando un estilo xenuíno que, lonxe de perder de vista o aire enxebre dos antigos gaiteiros, ábreo ás influencias doutras músicas. Consegue, deste xeito, un enfoque fresco e orixinal. Unha mestura áxil e moderna que afonda a súa raizame no máis profundo da tradición galega, deixando arrolar a súa ramaxe nos ventos dos novos tempos.



# a banda

Susana faise acompañar por un elenco de músicos moi novos, pero de innegable talento. Con eles consegue un espectáculo fresco, dinámico e orixinal que mantén a diversión do público desde os primeiros compases ata o último bis.



Brais Maceiras :: Acordeóns

Xurxo Iglesias :: Bouzouki

Carlos Gándara :: Batería e bombo tradicional

Carlos Freire :: Percusións e tamboril tradicional

Iago Rodriguez :: Baixo eléctrico



# discografía

## Susana Seivane



En 1999 edita o seu primeiro disco "Susana Seivane" (BOA MUSIC), producido por Rodrigo Romaní, un dos membros fundadores de Milladoiro. Este traballo, baseado en temas tradicionais e composicións de artistas galegos, lévaa polos mellores escenarios de Folk Nacional e Internacional, acadando grandes éxitos e loables críticas. O seu primeiro disco editase xa en Europa, EE.UU. e Canadá.


## Alma de Buxo

Co seu segundo traballo "Alma de Buxo" (BOA MUSIC Ed. 2001) producido por ela mesma, baixo o asesoramento artístico de Rodrigo Romaní, consolídase como artista galega de referencia no panorama Folk. Neste colaboran artistas da importancia de Uxía Senlle, Kepa Junquera ou Rodrigo Romaní entre outros. Merece especial mención a colaboración do seu avó Xosé Manuel Seivane. Como novidade, neste traballo introduce xa instrumentos como a batería ou o baixo eléctrico e enriquece o disco con composicións propias.



## Mares de Tempo

Con este suxerinte título ve a luz o terceiro traballo de Susana Seivane, nunha traxectoria imparabile que a está a levar polos mellores escenarios de Escocia, Alemaña, Francia, Italia, Estados Unidos, Arxentina, etc. Sen abandonar a tradición e as raíces da música galega -ó igual que nos seus anteriores discos-, Susana quixo dar un importante paso con "Mares de tempo". A innovación dos arranxos máis o coidado na selección dos temas -doce máis un agochado- é un proxecto para o que Susana quixo rodearse dos músicos da súa banda que xa a acompañaban nos últimos anos, como Brais Maceiras, Xurxo Iglesias ou Carlos Freire. Contou tamén coa colaboración de recoñecidos intérpretes como Roberto Somoza (saxos), Carlos Castro (percusións), Xavier Cedrón (violín), Viascón (serra e trompeta), Xavier Paxariño (fautas e clarinetes), Guadi Galego (voz), o colectivo de Música Tradicional de A Coruña Ruote, Xavier Gastañaduy (guitarra), sen esquecer de quen está a ser un apoio de luxo na carreira de Susana e que tamén, con menos "tempo que mares", colabora coa súa arpa e o seu talento de compositor: Rodrigo Romaní.



# xiras e festivais máis relevantes

Dende 1999, ano no que o primeiro disco de Susana Seivane viu a luz, foron numerosas as xiras da gaitreira, así como a súa presenza nos festivais máis importantes de España, Europa e Estados Unidos, recollendo unha valiosa crítica da prensa e do público.

## Destácanse entre outros:

- 1999** Festival Folk de Getxo (Getxo, Bilbo)  
Mercat de la Música Viva (Vic, Barcelona)  
Círculo de Bellas Artes (Madrid)  
Festival Noche de Brujas (Tenerife)
- 2000** Xira Portugal: Lisboa, Vila Real de Sto. Antonio, Faro, Sta. M<sup>a</sup> da Feira...  
Xira Italia : Alejandria, Vicenza, Cremona, Trento, Verona, Ancona...  
Festival de Rudolstadt (Alemania)  
Irish Festival: Florencia, Bologna e Bolzano (Italia)  
Festival do Mundo Celta de Ortigueira (Galiza)  
La Mar de Músicas (Cartagena)  
Dranouter Fest (Bélgica)  
Sidmouth (Inglaterra)  
Festival La ille de Tatihou (Francia)  
Castillo de Aínsa (Aragón)  
Kelso (Escocia)
- 2001** Celtic Connections (Glasgow, Escocia)  
Festival Intercéltico (O Porto, Portugal)  
Tzintzarria (Fuenterrabía)  
Festival de Vilela (León)  
Emociona Celta (Madrid)  
Sauga Folk (Colindres)
- 2002** Festival Celtic Connections, espectáculo "Sky Dance" de Alasdair Fraser (Escocia)  
Festival A Folixa (Mieres, Asturias)  
Artista invitada da Sinfónica de Galicia na Praza María Pita (A Coruña)  
Xira EE.UU.: Festival World Music de Chicago, Detroit, Ann Arbor, Minneapolis, Milwaukee...  
Xira Holanda: Enschede, Nieuwegein, Leeuwarden, Rotterdam...
- 2003** Festival Celtic Connections (Glasgow, Escocia)  
Teatro Euskalduna (Bilbao)  
5 Concertos co Bagad Kemper para a gravación do disco Sud-Ar Su (Bretaña, Francia)  
Festival de Friuli (Italia)  
Festival de Brampton (Gran Bretaña)  
Festival Parapanda Folk (Granada)  
Festival Intercéltico de Lorient (Bretaña, Francia)  
Bos Aires (Argentina)



# xiras e festivais máis relevantes

**2004** Festival Celtic Connections (Glasgow, Escocia)  
Espectáculo "Nuit Celtique" no Estadio de Fútbol de París (Francia)  
Espectáculo "Nuit Celtique" no Estadio de Fútbol de Nantes (Bretaña, Francia)  
Festival Mendébala (Bizkaia)  
Festival Mundo Celta de Ortigueira (Galiza)  
Artista invitada do Bagad Kemper no Festival de Cornouaille (Bretaña, Francia)  
Festival de Eastleigh (Gran Bretaña)  
40ª edición do Festival Folk de Cambridge (Gran Bretaña)  
Festival Intercéltico de Lorient (Bretaña, Francia)  
Festival de Pardifias (Galiza)  
Festival Irmandiño de Moeche (Galiza)

**2005** Espectáculo "Nuit Celtique" no Estadio de Fútbol de París (Francia)  
Festival Intercéltico (Açores y Porto, Portugal)  
Festival Folk Segovia (Segovia)  
Festival Mur de Bretagne (Bretaña, Bretaña Francia)  
Festival de Martigues (Francia)  
Festival les Nocturnes de Vendée (Francia)  
Festa da Fraga (As Pontes, Galiza)  
XXI Festival Intercéltico de Moaña (Galiza)  
Féeries de Bénodet (Bretaña, Francia)  
Festival Intercéltico de Lorient (Bretaña, Francia)  
Festival de la Saint Loup (Bretaña, Francia)  
Festival des Filets Bleus (Bretaña, Francia)  
Tonder Festival (Dinamarca)  
Fiestas de San Froilán (Barcelona)  
Festa do Rosario (A Coruña)

**2006** Celtic Connections - Glasgow  
Fête de la coquille St-Jacques - St-Quay Portrieu-Bretaña-Francia  
EuroCeltas 2006 - Strasbourg - France  
Universimad - Madrid  
Festival Les Nuits Salines - Batz sur Mer. Francia  
Festival Interceltique de Lorient - Francia  
Pericote Folk Cantabria  
Illa Terceira Açores  
Pontevedra. Festas da Peregrina.  
Zénit Aréna de Lille - Francia  
Halle Tony Garnier de Lyon



**enavies**  
www.susanaseivane.com



(+34) 981 675 309 :: (+34) 660 403 305  
info@susanaseivane.com

# xiras e festivais máis relevantes

**2007** Cébazat - France  
Festival Les Irlandays - Juvisy sur Orge, France  
Montevideo - Uruguay  
Bos Aires - Arxentina  
Malahide International Festival of Piping & Drumming - Dublin, Ireland  
Festival do Mundo Celta de Ortigueira  
Colaboración coa Bagad de Kemper  
Festival Folk Cantabria Infinita - San Vicente de la Barquera  
Praza da Quintana - Santiago de Compostela  
Festival del Castillo de L'Aínsa - Aínsa - Huesca  
Festival du bout du Monde - Collaboration avec Le Bagad de Kemper. Crozon. Francia  
Festival de La Saint Loup - Guingamp (France)  
Festival ViaCelta - Collado Villalba (Madrid)  
Festival d'Ambronay - Ambronay (France)  
Genève, Sala de Lignon - Suíza  
A Coruña - Palacio de Congressos - 90 aniversario Coro Cántigas da Terra

**2008** Les Nuits Celt'Istres. Istres, France  
Trad. It Festival Groningen Netherlands  
El Arenal Bilbao  
Praza Maior Ourense  
St. Flour, El Cantal France  
Concerto privado Estaleiros Barreras. Vigo.  
Festa da guitarra de Coimbra. Coímbra Portugal  
Ponte da Barca Portugal  
Festival Intercéltico do Morrazo Moaña  
Praza de María Pita - A Coruña  
Homenaxe a Xosé Manuel Seivane O Chao, Ribeira de Piquín  
Verín - Vai de Camiño, Xacobeo  
Festival Folk de Guísamo - Bergondo, A Coruña  
Festival Internacional Folk - Plasencia.



# recortes de prensa

"A súa maneira de entender a gaita, lonxe de ser experimental ou aperturista, é reivindicativa da tradición".

[El País](#)

"Susana Seivane, gaita de casta.: a pesares de que a tradición galega sempre estivo no centro da vida musical de Susana Seivane, esta musa da gaita inxecta un aroma renovado e renovador, ás súas cancións e ós seus discos. Susana Seivane é unha musa inspirada e inspiradora, especialmente cando navega os mares do tempo ó son da gaita en enfeitizada."

[World Music](#)

"Arroupada polo clamor do público que se rendeu ante a sinxeleza e expresividade do seu estilo, Susana Seivane fixo unha marabillosa demostración do dominio de ritmos tradicionais xunto con outros máis evolucionados e exquisitas interpretacións solistas."

[El Progreso](#)

"Os seus concertos son, seguramente, a expresión máis refinada que pode alcanzar a música tradicional galega."

[Diario de Pontevedra](#)

"A súa sonoridade cristalina da fe dunha rara mestría... Unha música onde o suave xemer do peto de aire se transforma nun ronco con enerxía inesgotable... O trance nunca está lonxe."


[Libération](#)

"Tiña catro anos cando fixo soar por primeira vez unha das gaitas que a súa familia fabricou durante xeracións. Desde entón, Susana Seivane deu vida e modernidade á tradición de Galiza."

[El Ideal Gallego](#)

"Leva a gaita no sangue gracias a un saber que se transmite de xeito máxico a través das xeracións. Con ela consolídase o bo momento alcanzado nos últimos tempos pola música folk en xeral e os gaiteiros en particular."

[Diario 16](#)



# recortes de prensa

Susana Seivane obtivo un éxito formidable no festival Celtic Connections, o máis importante que se celebra no mundo da música dos países célticos. Foi capaz de que a xente mantivera en todo momento completa atención no que facía. Os escoceses saben apreciar ós bos gaiteiros e nos momentos nos que tocou soa ou acompañada do tamboril, os seus dedos eran esculcados para degustar as notas que debuxaba con sentimento para acabar recollendo os aplausos da audiencia."

[La Opinión](#)

"A galega Susana Seivane fixo arder o Estadio de Francia ca súa gaita."

[Télé 7 jours](#)

"A súa técnica está fora de discusión e o seu repertorio é do máis enxebre e atractivo."

[El País](#)

"Con ela, o folk volve a gañarlle terreo á esperanza."

[ABC](#)

"A técnica de Susana é depurada demostrando un tempero e unha dixitación inmejorables. Ademais o disco goza dunha gran produción cun son tan delicado como vibrante, incluso cunha composición propia chamada Sabeliña, que representa unha gracia envexable."

[Diario de Navarra](#)

Co seu máxico instrumento, arrastrar miles de mozos e mozas ó baile.

[El País Semanal](#)

"Agora Susana vende miles de discos e está considerada como a mellor expoñente do folk galego tradicional, unha música con séculos de historia que interpreta coa frescura dos seus vinte e poucos anos."

[El Periódico de Álava](#)

"No XVI Festival do Mundo Celta de Ortigueira, as masas nomearon a unha nova raíña intertribal o domingo. Susana Seivane, metade galega, metade andaluza, xunguiu a gaita e os tambores, a simpatía e o ritmo e fíxose coroar por tódalas tribus".

[La Voz de Galicia](#)

